

**ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRAVÍAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE.**

**Artigo 1º. Natureza e fundamento.**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, regulador adas bases do réxime local, e os artigos 20 e 58 da Lei 38/88, do 28 de decembro, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, de 28 de decembro, acorda a imposición e ordenación da *Taxa por entradas de vehículos a través das beiravías e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase e outros similares.*

**Artigo 2º. Feito imponible.**

Constitúen o feito imponible da Taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal con entradas de vehículos a través das beiravías e terreos de dominio público local para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase e outras reservas análogas.

**Artigo 3º. Suxeitos pasivos.**

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da lei xeral tributaria que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no artigo segundo.

Serán suxeitos pasivos substituídos do contribuínte desta taxa os propietarios dos terreos e locais ós que dean acceso ditas entradas de vehículos, os cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

**Artigo 4º. Responsables.**

Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

**Artigo 5º. Cota tributaria.**

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

## Artigo 11º. Normas de xestión.

- As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realiza-los aproveitamentos sobre o dominio público municipal a que fai referencia esta taxa deberán presentar unha solicitude achegándolle o plano, o detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal. Antes da autorización ou concesión do aproveitamento, a persoa ou entidade interesada no aproveitamento aboará o importe da taxa en calidade de depósito previo.
- No caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicita-la devolución da taxa ingresada en calidade de depósito previo.
- Unha vez autorizada ou concedida a licencia de aproveitamento entenderase prorrogada mentres non presente a declaración de baixa o interesado.
- Cando remate o aproveitamento, os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da taxa e surtirá efectos no período natural seguinte ó de presentación da mesma, podendo, no seu caso, prorratearse por meses. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.


## DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar na data que se expresa no anexo desta ordenanza, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 1999.

### DILIXENCIA

Para facer constar que o texto e o precedente anexo, correspondente á Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por Entradas de Vehículos Atravesados de Paredes aprobado polo Pleno Municipal nas sesións correspondente á data de 09/03/06, 24/03/06, 31/03/06, 06/04/06, 13/04/06, 20/04/06, 27/04/06, 04/05/06, 11/05/06, 18/05/06, 25/05/06, facendo a súa publicación nos B.O.P. de Vila Verde quedando definitivamente aprobado a partir do día 27 de maio de 2006.

O Alcalde, O Interventor, O Secretario.



ANEXO Á ORDENANZA DA TAXA POLAS ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRAVÍAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE.

1.- A estrutura e contía desta Taxa será a seguinte:

1.1.- Estación de Servicio.....	83,07
1.2.- Talleres e similares que non se dediquen a garaxe público como actividade principal.....	66,68
1.3.- <u>Garaxes:</u>	
1.3.1.- Por cada vehículo de capacidade en garaxes industriais de aluguer en:	
a) Zona de primeira.....	24,31
b) Zona de segunda.....	16,27
c) Zona de terceira.....	7,95
1.3.2.- Por cada vehículo de capacidade en garaxes privados, de establecementos comerciais, industriais ou de servizos para uso exclusivo do seu persoal ou clientes, e entrada a ditos establecementos:	
a) Zona de primeira.....	25,38
b) Zona de segunda.....	17,33
c) Zona de terceira.....	9,01
1.3.3.- Ademais ata 4 m. lineais de entrada ou saída.....	33,36
1.3.4.- Por cada m.l. máis.....	16,55
1.4.- As cotas de apartado 1.3 terán unha redución do 10, 20 e 30% cando a capacidade do garaxe sexa superior a 10, 20 e 30 vehículos respectivamente. Debendo corrixirse os descontos para evitar que o importe a pagar por cada grupo sexa inferior ó precedente.	
1.5.- Reservas da vía pública para aparcamento exclusivo. Será concedida por acordo da Comisión de Goberno, soamente en casos excepcionais, preferentemente para edificios afectos a un servizo público; ou carga e descarga de mercadorías. Esixirase por cada metro lineal ou fracción ó ano:	
1.5.1.- Na zona primeira.....	89,88
1.5.2.- Na zona segunda.....	45,40
1.5.3.- Na zona terceira.....	30,02
1.6.- Placas de sinalización:	
1.6.1.- Por cada placa de sinalización de vao, o seu custe (segundo prezo provedor) ou como mínimo.....	41,16

2.- As débedas non satisfeitas en voluntaria serán satisfeitas na vía de constrinximento.

DILIXENCIA.- Para facer constar que a modificación do....., correspondente á ordenanza fiscal reguladora do/a..... foi aprobado, inicialmente, en sesión Plenaria de data 03/12/07; Exposto público de Novembro do 2007 para os efectos de alegacións-reclamacións: no taboleiro de edictos desta Casa Consistorial, con data 17/12/07; e, no BOP nº 242, de data 17/12/07; quedando definitivamente aprobado e publicándose o texto íntegro da súa modificación no BOP nº 42, de data 28/02/08; data da súa entrada en vigor. Tui,..... de..... de.....

O SECRETARIO - O INTERVENTOR